

AMENCER

F.W. Murnau, 1927

574

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 7 e 15 de agosto | V.O.S.E. | TP

Sunrise (1927, 92')

Dirección: F.W. Murnau

Guión: Carl Mayer

Elenco: George O'Brien, Janet Gaynor, Margaret Livingston, Bodil Rosing, J. Farrell MacDonald

Dirección de arte: Rochus Gliese

Montaxe: Harold D. Schuster

Música: Hugo Riesenfeld

Fotografía: Charles Rosher, Karl Strauss

Produtora: Fox Film Corporation (EEUU)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1927 (Mellor Filme, Actriz e Fotografía), Kinema Junpo Awards 1929 (Mellor Filme Estranxeiro), National Film Preservation Board 1989, Sight & Sound 2012 (5º Mellor Filme da Historia)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Tabú, 1931

El pan nuestro de cada día, 1930

Fausto, 1926

Tartufo o el hipócrita, 1925

El último, 1924

Nosferatu, 1922

El castillo encantado, 1921

SINOPSE

Un granxeiro convive felizmente no campo coa súa esposa. Pero a aparición dunha sedutora muller da cidade fai que comece namorar dela e a pensar que a súa muller é un estorbo que se interpón na felicidade entre el e a súa nova e sofisticada amante.

«Amencer é recuperar a vida, o amor, saír do inferno.»

Carlos Boyero, EL PAÍS



Alén da propia arte

Por Alberto Abuín

Amencer é un filme irrepetíbel, único, e nel atópanse as bases de todo o que viría despois. Tras o éxito de *Fausto* (1926) e impresionado pola calidade de *El último* (1924) —filme mudo sen un só intertítulo que demostraba que a posta en escena é a ferramenta máis importante do cinema—, o produtor William Fox ofrece a Murnau a oportunidade de estrearse en solo estadounidense. O director alemán tivo ao seu dispor o orzamento máis alto xamais concedido a unha produción cinematográfica e unha liberdade absoluta. Convidados por Fox, na rodaxe estiveron Frank Borzage, John Ford e Howard Hawks aprendendo, tanto que nos mesmos decorados filmáronse *El séptimo cielo* (Frank Borzage, 1927) e *Cuatro hijos* (John Ford, 1928).

A trama do filme é sinxela en aparencia: un home de pobo casado coñece unha muller que o convence para se desafacer da súa esposa e ir vivir con ela á cidade. Murnau fai que pareza doado o difícil. O filme posúe un gran poder de magnetismo grazas ao labor do seu director, que debeu prescindir do seu querido Karl Freund na fotografía, sendo substituído por Charles Rosher

e Karl Strauss, cun extenso currículo e gañadores do Oscar polo seu labor no filme. Murnau adiantouse ao seu tempo fuxindo da cámara estática tan de moda naqueles primeiros anos do cinema. Son célebres os travellings que acompañan o home ao carón da súa amante, presaxio do mal, para máis tarde realizar unha idéntica operación cando o matrimonio na cidade sae dunha igrexa e un dos bicos máis apaixonados da historia provoca un caos de tráfico. Deste xeito, Murnau tende ao contraste de situacións durante todo o filme, para cada acción atopa o seu reverso e viceversa.

Amencer é unha historia de enfrontamento entre o amor carnal e o puro. A fisicidade contra o sentimento. O mal contra o ben. O filme amosa xa desde o inicio a infidelidade do home, atraído polos praceres da carne e a tola vida na cidade. Sobrevivirá a ese inferno cando se enfronte á inocencia da súa muller no momento de asasinala, nunha das secuencias máis terribes que lembra o cinematógrafo. A purgación dos pecados do marido, totalmente arrependido, darase na longa secuencia da cidade, na que Murnau non lle dá as costas ao humor, e que culminará na volta á granxa nunha barca que volcará debido a unha treboada que fará que a esposa desapareza. Só un milagre nola devolverá, unha fermosa Janet Gaynor que gañou un merecido Oscar neste filme e nas obras mestras de Frank Borzage *El séptimo cielo* e *El ángel de la calle* (1928).

A noite remata deixando atrás a súa tentadora escuridade e, ao igual que Brad Pitt en *Entrevista con el vampiro* (Neil Jordan, 1994) presenciaba o amencer

nun cinema vendo o filme de Murnau, un séntese atrapado por ese baño de luz que arreda os problemas e trae a felicidade ou o máis semellante a ela. Dá igual as veces que se vexa *Amencer*, o sentimento é sempre o mesmo, o de estar ante algo que vai alén da arte e que sabe a pouco cando se tenta materializar baixo a tiranía das palabras. Cando o seu torrente de imaxes te invade xa non te solta. O seu poder de suxestión é tan poderoso que non só fai crer no amor senón tamén nos milagres. Poucos filmes plasman de maneira tan devastadora e visceral a aventura de amar, a máis perigosa e emocionante de todas as aventuras.

Publicado en www.espinof.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

* * *

O director

Friedrich Wilhelm Murnau (Westfalia 1888 – Santa Mónica 1931) foi un dos maiores creadores da etapa muda da arte cinematográfica. Introduciuse moi novo no teatro e o cinema da man de Max Reinhardt. Tras combater na Primeira Guerra Mundial fai parte do movemento expresionista, deixando un bo número de filmes para o recordo: inaugura o cinema de vampiros con *Nosferatu* (1922), asina a grande obra mestra do movemento *Kammerspiel* con *El último* (1924) e adapta con éxito dous clásicos da literarutra como *Tartufo o el hipócrita* (1925) e *Fausto* (1926). Xa nos EEUU, tras *Amencer* realiza a infravalorada *El pan nuestro de cada día* (1930) e grava na Polinesia *Tabú* (1931), estreado poucos días despois da morte de Murnau nun accidente de tráfico.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
[#eusondenamax](https://twitter.com/eusondenamax)